



Palabras malditas polo Teatro do Noroeste.

Sempre se afirmou que o teatro é un medio de coñecemento, unha forma de confrontarnos con outras realidades, con outras formas de entender a existencia, con outras formas de ver os problemas grandes e pequenos, con nós mesmos. Rafael Dieste no seu ensaio *La vieja piel del mundo*, mostraba que o teatro vai ser a primeira forma de facer historia de nós, pois en efecto as comunidades representan o que foi, e ao facelo, reconécese, recórdano, aínda que o pasado sexa por veces causa de dor ou de vergoña. Por tal razón Frínico (511-470 AC) foi multado pola cidade de Atenas por presentar a concurso a traxedia *A toma de Mileto*, na que recreaba a caída da cidade lidia nas mans do exercito persa. Atenas non soubo aturar aquela derrota considerada indigna e pavorosa, pero si gozou con *Os persas*, de Esquilo, que recreaba a derrota persa en Salamina.

Este espectáculo de Teatro do Noroeste, *Palabras maldi-*

*tas*, dirixido por Eduardo Alonso a partir dun texto seu, destaca pola súa dureza e crueza, pois na fin sitúa ao espectador diante dunha das etapas máis negras da historia de España, a que se inicia despois do golpe de estado do xeneral Franco contra o goberno lexítimo da Segunda República, provocando unha guerra civil e unha represión atroz

a cargo do bando vencedor, onde de primeiras tiveron un rol central as brigadas

lanxistas, que encheron os foxos de cadáveres, entre eles os de Camilo Díaz Baliño ou Xaime Quintanilla, dous marxinos da Academia dita galega.

O espectáculo constrúese en diferentes niveis, con referentes que cómpre destacar, sendo o primeiro deles o medo. O pánico, o terror de tantas persoas privadas de vida e liberdade, agochadas nos lugares máis insólitos, para evitar

caer nas mans das cuadrillas de asasinados que, coa mirada insolente e a pistola quente, percorrían as rúas con sede de sangue. Un medo insoprotible pola vida dos propios, que levou a tanta xente a delatar ao veciño, ao amigo, ao inocente.

Outro referente vai ser o odio e a violencia, que neste espectáculo se focaliza na muller, convertida en obxecto

sexual que tanto se quere como se despreza, e en todas aquelas persoas que exercían con extrema timidez, un dereito á diferenza non inventado aínda. Vendo a Vicente Rincón, mestre e poeta, lembramos a Federico García Lorca, fusilado, e non esquecemos a Miguel de Molina, torturado e humillado por mozotes de vedraña estirpe que destacarían despois como baluartes da ideoloxía nazi. Un río de sangue, cantaría Violeta Parra.

Pero tamén os mestres, tantos homes e mulleres que fixeran da ensinanza ferramenta de progreso e de mellora permanente, de igualdade para os máis, e que foron fusilados, violados, enviados a presidio e traballos forzados, apartados do seu oficio, ou condenadas a un oprobio inmerecido e a un silencio inxusto.


As peripecias de Carla

Campos, a moza que exerce de prostituta de luxo para os poderosos da cidade, de Vicente Rincón, o mestre apartado da docencia por acusacións infundadas, ou de Ermitas, a caseira que ten un fillo preso no Guadarrama, exemplifican o padecemento enorme de centos de miles de persoas, durante os anos en que en España recuperou a súa lenda máis negra. Tres historias de vida que informan que en España queda moito por contar, feridas que curar, honras que restaurar, afrontas que lavar. Un espectáculo ben deseñado, ben construído, ben interpretado, e sobre todo moi necesario. Para confrontármolos co que fomos, pois só despois de enfrontar, para ben e para mal, o que pasou, poderemos falar de civilidade. A memoria é o que nos pode facer libres.

## Palabras malditas

Da bendita memoria

MANUEL F. VIEITES



Quizais a metáfora máis poderosa do espectáculo, e do propio texto, sexa esa maleta chea de palabras, de poemas, de historias, de vida, que vai levar consigo Clara Campos cando consiga fuxir a México, desde Lisboa, deixando atrás a ignominia. Un obxecto que simboliza a vida enteira de toda unha xeración de homes e mulleres que atoparon alén mar unha terra de pro-

misión na que seguir soñando na liberdade, pero á que levaron tamén palabras ategadas de ciencia, de saber, de ilusión, de poesía.

España, país da desmemoria, nin

dade a un goberno elixido democraticamente en España nas eleccións de febreiro de 1936, e só en 1977, tras disolverse o último goberno republicano no exilio, aceptará

noso exilio, quizais unha das xeracións mellor preparadas da nosa historia xunto coa que agora foxe de novo, e que contribuíron de forma moi substantiva ao progreso dos países que os acolleron. E este espectáculo de Teatro do Noroeste constitúe desde o primeiro momento unha homenaxe, emotiva e crítica, a todas e todos eles. Pois cómpre aínda abrir a maleta da nosa historia e ver o que hai dentro, oitenta anos despois.

## Unha maleta

recoñeceu nin saldou aínda a enorme débeda contraída con países como México, que ata o derradeiro suspiro do ditador mantivo a súa leal-

restablecer relacións diplomáticas. Maletas, cheas de saber e de palabras, foi o que levaron por todo o mundo as mulleres e os homes do